

**FERROL 72: DANIEL E AMADOR**

(1972)

I

Altos os corazóns e camiñaban  
por vieiros sonámbulos e esperan  
coma esguíos piñeiroas arelantes,  
altos os corazóns coma bandeiras.

Altos os corazóns coma luceiros.  
O pobo coma un río sen ribeiras,  
o pobo coma un río ilimitado.  
Alcipreses de noite mariñeira.

Altos os corazóns igual ca mastros  
e un ancho agonizar por sementeira,  
e camiñando impávidos na noite  
procurando crepusculos que amenzan.

Altos os corazóns igual ca un pobo  
en luz de rebeldía e noite acesa,  
igual ca un mar colérico abalando.  
Altos os corazóns coma bandeiras.

II

E morreron os dous baixo das balas  
e levantouse a voz do seu motivo  
e un ouveo rachou a silandeira  
escuridade mineral do chumbo.

E morreron os dous asasinados  
sobre do asfalto inhóspito sartego.  
Rítmicas botas negras tripan lousas  
roxas de ardido sangue derramado.

E morreron os dous foron roseiras  
de innumerables rosas coma lagos,  
innumerables canles nas regañas  
sucias dos adoquíns que xa apousaron.

E morreron os dous igual ca puños  
tronzados por un vento de invernía,  
e as botas acarreiran polas rúas  
atropallando o sangue e o silencio.

### III

E soaban os tiros coma tiros  
co seu confuso fúnebre zoído,  
e constelouse o chan de sangue en flor,  
e a flor da primavera non chegaba.

Era marzo marzáñ face grisalla  
e escuros muricegos verdescuros.  
Era marzo marzáñ todas as tardes  
e anoitecía cedo a fogonazos.

E morreron os homes prematuros,  
bolboretas marzáns de flor ausente.  
Inda non floreaban as cerdeiras  
e a primavera estaba encadeada.

Soaron metralletas e chegaban  
noticias coma brasas acendidas.

Constelábbase o chan de flores roxas  
e era de morte a flor da primavera.

## IV

Caía o sangue ó chan e lentamente  
floreaban roseiras de silencio,  
inda que a primavera non chegara.

Caía o sangue ó chan e ían nacendo  
regueiros de arrepiño e mais de cólera,  
inda que a primavera non chegara.

Caía o sangue ó chan e un vagaroso  
pingolexar formaba mares cálidos,  
inda que a primavera non chegara.

Caía o sangue ó chan, sangue de bala,  
e nacían roseiras de pistolas,  
inda que a primavera non chegara.

## V

Onde morren os mortos desta terra  
non ergueremos, non, loitosos túmulos,  
ergueremos bandeiras coma puños  
ó vento, contra vento e contra balas.

Onde morren de morte asasinada  
non deitaremos, non, mólicos prantos,  
deitaremos palabras coma seixos  
de combater e de vinganza xusta.

Onde morren tripados sobre o asfalto  
non lavaremos, non, con auga a rúa,  
lavarémola un día —madrugada—  
con nova luz de abrente restaurado.

Onde morren os mortos que procuran  
a vida, o pan, a luz, a liberdade,  
non se erguerá o silencio coma un verme,  
non se erguerá silencio nin olvido.

## VI

Era inverno cruel de chumbo e morte  
no corazón daqueles que esqueceran  
a verdade dos que ían polas rúas.  
Era inverno, mentira e traidoría.

Era inverno cruel e asasinato,  
esprito de ira angosta e cativeiro,  
defecación sanguenta, rosa negra,  
escumallo de cólera non xusta.

Era inverno cruel e noite pecha,  
estridentes balazos homicidas,  
asolación de botas insolentes,  
asoballo bestial incontrolado.

Era inverno cruel e metralleta,  
pistola criminal devastadora,  
dedogatillo, furia desbocada.  
Era inverno cruel e frío e morte.

## VII

Vede que as arbres xa non son tan verdes  
e que as follas semellan enloitadas.  
Vede que o mar inmenso non se riza  
ledamente co vento. Que os paxaros  
non cantan no mencer coma noutrora.  
Que as bolboretas esmorecen pálidas.  
Que as abellas non voan en bandadas.  
Que as xestas non florean. Que as estrelas,  
outrora destemidas, non se atreven  
a desvirgar a anoitecida nova  
co seu antigo arrouto namorado.

## VIII

E de noite o silencio patrullaba  
agresivo e insolente, e era atal  
un xigantesco polbo que estendese  
tentáculos visgosos ás estrelas.

E semellaba un mar de argazos longos,  
un leito de augamás deshidratadas,  
un ceo bretemoso coma chumbo,  
un monte de silencio irremediable.

Era un mortal silencio patrullando  
coa boca aberta ansiosa de hemorrxias,  
coa velenosa lingua alimentándose  
de todas as feridas que esgazaran.

IX

Nazan estrelas rubias, constelacíóns noviñas,  
lúas preñes de luz, soles escintilantes, albas esplendorosas,  
moi elevadas árbores.

Nazan extensos mares, vigorosas mareas.

Ríos apaixonados, procesións de esperanza.

Choivas primaverais fertilicen o chan.

Xurdan altas roseiras de florescencia rebelde.

Bacelos nazan verdes pra chegaren vendimas de acios de

[rebeldía.

Xurda fermosa flora sobre as rúas regadas de sangue

[froitidor.

Que non enterren mortos.

A semente do sangue sexa fértil.

Cálidas primaveras fagan romper a pela da semente

[enterrada.

## Cálidas primaveras de choiva arquecente.

Laparadas se acenden coma ríos anchísimos.

Érganse mans pechadas, lume nos corazóns.

Anchas vagas de loita, pobo traballador.